

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº112/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de agosto/ Estado de remate Festas de Ons

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Importante contar, na época estival, con socorristas nas praias da Illa, en especial, na de Area dos Cans.

Páx. 1



Décimo aniversario do pasamento de Luís Rei, colaborador da revista AUNIOS. Páx. 2



Despois de moitos anos solicitándoas, comezan as obras de continuación das rodeiras de Curro a Pereiró. Páx. 3



Para o 2026, debe retomarse a Homenaxe aos Fareiros, que non se puido realizar no 2024. Páx. 9

FESTAS ONS 2025
SAN XAQUÍN



23 AGOSTO
Animación coa Charanga MIL9

24 AGOSTO
Pola mañá ruada coa charanga Os Imperiais, Mariachis Noche de Ronda e o grupo de gaiteiros Serradela

12.00 h Ofrenda no cemiterio
12.30 h Homenaxe veciñal a José Otero Blanco, Josefa Patiño Domínguez e Señora Rosa (matrona de Ons)
13.00 h Oficios relixiosos na honra de San Xaquín

Durante toda a fin de semana: exposición fotográfica arredor do Entroido da Illa de Ons no Centro de Visitantes

VEGIRANZA DE ONS
ASOC. VECIÑOS E AMIGOS DE ONS
PARROQUIA DE ONS
PARQUES NACIONAIS

Un ano máis celebráronse na Illa de Ons as Festas en honra de San Xaquín. Páxs. 4 - 8

Especial Festas de Ons
2025

SOCORRISTAS NA PRAIA DE AREA DOS CANS. ILLA DE ONS

Como xa teño explicado nestas páxinas, agradecemos á **Dirección** do Parque Nacional o poder dispor dun servizo de ATS, de xeito permanente, en Ons dende hai uns anos e que este funcione perfectamente. Pero tamén hai que recordar que, durante máis de 30 anos, estivemos solicitándoo anualmente, ata que, por fin, déronse conta da súa necesidade.

Pois ben, paralelamente, tamén levamos moitos anos solicitando socorristas para as praias de Ons, ou polo menos, para a máis próxima ao centro (Curro), que é a máis concorrida, Area dos Cans.

Estes socorristas, á vez de cumprir a misión de vixilancia, poderían axudar, en momentos puntuais, á/ao ATS en casos complicados, nos que se requiren máis persoas e atención especializada.

Á vez, como xa temos comentado, poderían dispor dunha lancha pneumática pequena, como no seu momento houbo en Ons, para desprazamentos periódicos entre as praias de Melide e Pereiró.

Sabemos e entendemos que iso ten un custo, pero tamén pensamos que o seu labor vai ser imprescindible cando ocorre algún problema ou accidente de calquera tipo. E aí debería estar a verdadeira política dos nosos gobernantes, pois, poñéndose de acordo os organismos que teñen competencias en Ons, porei por caso: Consellería de M. Ambiente, Xuventude, Parques e concello de Bueu, o custo, comparado coa axuda e asistencia que van desenvolver, é mínimo entre elas.

Por iso, seguiremos **REIVINDICANDO** que na praia de Area dos Cans, haxa un **Servizo de Socorrismo** que, nun principio, non ten que ser permanente e que dispoñan dunha pequena lancha para vixilancia e axuda.



Praia de Area dos Cans, un día de pouca afluencia e con marea baixa.



Area dos Cans, a elixida polos Campamentos que acoden a Ons puntualmente e polos rapaces do Campamento da Xunta en Ons.




Campamentos, bandeira azul,..., socorristas

Dou por feito que os diferentes campamentos que acoden a Ons a pasar o día e o que **Xuventude** ten instalado en Ons en quendas semanais, dispoñen de monitores perfectamente preparados, aínda que iso non quita que, en calquera momento, poida ocorrer algo que os supere, sobre todo, se estamos a falar de realizar actividades nunha illa. Levamos anos expoñendo ao concello de Bueu que, como pasa en Cíes, propoña á praia de Area dos Cans para **Bandeira Azul**, pois pensamos que reúne todas as esixencias que solicitan.

Con esa distinción Medio Ambiental, non turística, dispoñería esta praia dos necesarios socorristas que estamos reivindicando e que, á vez de facer unha vixilancia sobre os veciños e visitantes que acoden a esta magnífica praia, tamén **Xuventude**, co seu Campamento, tería unha axuda a maiores na atención aos rapaces que realizan actividades, por certo excelentes, de piragüismo e paddle surf, co que serían de moitísima axuda no caso de darse algún contratempo, que poida ocorrer puntualmente.

É por iso, que cando neste mesmo minixornal pedía a Bandeira Azul para **Area dos Cans**, propoñía que o custo, que soe ser o máis caro, dos socorristas, podería chegarse a acordos entre Concello de Bueu e Xuventude, sen esquecermos dun organismo que organiza campamentos na Lanzada e que acode a Ons de excursión semanalmente cos rapaces, como é a Deputación de Pontevedra, co fin de sufragar ese gasto sen problema ningún.

Esperemos que se decaten e non botar as mans á cabeza cando ocorre algo grave.



Luís Rei
Crónica de traballos e amizades

LUÍS REI

Meco de nacemento, foi Técnico de Cultura en Cambados. A carón da súa vida política, foi membro fundador do Colectivo Ecoloxista do Salnés, traballou intensamente na Federación Galega pola cultura Marítima e Fluvial e dirixiu a magnífica revista Ardentía.

Desenvolveu unha intensa vida e traballo cultural no Grove como en Cambados e realizou importantes investigacións sobre as figuras de Ramón Cabanillas e Basilio Álvarez. O mar sempre estivo presente na súa vida e obra.



A MIÑA CONEXIÓN CON LUÍS REI

Coñecín a Luís Rei con motivo dun mitin que deu na taberna Lavandeiro alá polos mediados da década de 1990 presentándose na candidatura do BNG de O Grove. Logo tivemos charlas esporádicas por mor de posuír amigos comúns na terra meca, onde eu exercía de mestre, sendo no ano 2011 cando comezamos a ter unha relación máis continua por mor da revista Ardentía que el dirixía.

Ese ano, no nº 6 de Ardentía, ía a dedicarlle unhas páxinas ás illas galegas: “Acolá están as illas...”, e tiven a honra de ser elixido por el para participar cun artigo sobre a Illa de Ons, que titulei: “Illa de Ons, unha mestura de terra e mar”.


Despois dunha interesante charla, convenceume para que escribira un artigo sobre Ons. Eu coñezo as miñas limitacións e coidei que non era a persoa adecuada para escribir nunha revista dese nivel, pero despois de escoitar as súas palabra, non fun quen de negarme e dun xeito sinxelo puxen pé nesta importante revista de cultura marítima.

No 2013, fun eu quen contactei don el para solicitarlle un artigo para a revista AUNIOS, da As. Cultural Pineiróns, que eu coordino. Non dubidou nin un intre, dando un Si, que se transformou nun magnífico

artigo no nº 18 titulado: “Ramón Cabanillas e o mar de O Grove”. A nosa amizade ía a máis, aínda que vernos polo Grove era de xeito esporádico.

No 2015 por mor de saír a luz o nº 20 de AUNIOS, púxenme en contacto con el para pedirlle se tiña a ben presentar este número. A dicir verdade, eu non sabía da súa enfermidade, levábaa moi ben e coido que só os máis achegados sabían dela pero, de novo, non dubidou en dar o Si, o único, e aí foi cando me decatei da súa doenza, había que buscar unha data adecuada debido á temática da súa terapia .

A presentación foi un éxito de público e foi quen, sen ningún tipo de nota escrita, só coa revista aberta no índice, dar un repaso a todos os artigos, dun xeito moi didáctico que logrou enganchar ao público e conseguir incentivalos, creando a necesidade da súa lectura.



Presentación da revista AUNIOS no 2015. Luís Rei no centro.

Presentación da revista Nova Ardentía nº 17 na homenaxe a Luís Rei



DÉCIMO ANIVERSARIO DO PASAMENTO DE LUÍS REI

Por desgraza, aos tres meses de presentar a nosa revista, Luís Rei faleceu, Toda unha perda para a cultura deste país.

Estes pasados días 11 e 15 de agosto, celebrouse en O Grove unha homenaxe á súa figura. Puiden asistir o 11 á presentación da revista Nova Ardentía, pero o día 15 non puideron ir, ao ter xa programado de antemán outras ocupacións, á salga de Moreiras onde Cultumar, os seus amigos e familia, dedicáronlle unha emotiva homenaxe.

PROXECTOS, OBRAS, ARRANXOS,..., COMENTARIOS E SUXESTIÓNS (II) 2º agosto 2025


Importante para seguir ese tema e ter presente o anterior, publicado no nº 111 de Onstopus: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/111/onstopus-111.pdf>

Nese número rematabamos falando do xurdir das rodeiras no camiño que vai do barrio de Curro ao de Canexol e uns metros do de Pereiró, que deron un resultado fantástico; só hai que velas despois de case 40 anos.

A medida que Ons, por mor do aumento do turismo e a volta dos veciños, viuse na necesidade de crear infraestruturas, aumentou o número de vehículos (tractores e todoterreos) circulando polas pistas, provocando que estas comezaran a deteriorarse, tendo en conta tamén, a forte meteoroloxía invernal que axuda a ese desgaste.

Tanto veciños como nós, de xeito particular e por medio da asociación Pineiróns solicitamos daquela, como mellor solución, a continuación das rodeiras dende onde quedaran estancadas hai 40 anos e que outros camiños, que se atopaban en moi mal estado, como o que ía do peirao ao Faro, tamén se solucionara con rodeiras.

Como pasa sempre que outros dan ideas, dende as diferentes administracións que xestionaron a Illa dende 1990, incluído o Parque Nacional, fixeron oídos xordos e só en zonas puntuais colocáronas, como foi na subida rentes ao restaurante Pirata e dende a Praia das Dornas durante uns poucos metros por detrás das instalacións de Parque.



Estado no que estaba o camiño que ía rentes ao restaurante O Pirata.



Importante diferenza cando fixeron as rodeiras, que máis tarde foron aínda melloradas.



Continuación das rodeiras cara a Pereiro, que comezaron a finais do mes de xullo de 2025, despois de case 40 anos solicitándoas.

XULLO DE 2025. COMEZAN AS OBRAS DE CONTINUACIÓN DAS RODEIRAS

Ese camiño de Curro a Pereiró, na zona sen rodeiras, cada inverno deteriorábase moitísimo por treitos. Nós, nos informes e escritos anuais que mandabamos á administración (Consellería de M. Ambiente e Parques) pediamos a continuación das rodeiras e buscar fórmulas para que no centro e nos laterais, crecera herba, ter en conta que, aínda sendo o camiño máis transitado por vehículos e persoas, a maior afluencia destes era só nos tres meses de verán, polo que entre outubro e xuño, a herba podería crecer sen problema.

Durante anos, reparaban os tramos deteriorados, pero dun xeito chapuceiro e sen buscar unha solución definitiva, o que provocaba que coa meteoroloxía adversa que ten Ons, o paso continuo de vehículos e persoas e que algúns deses tramos están en pendente, ao verán seguinte estaban esnaquizados de novo. Un gasto inútil anual de cartos, que non só pasaba nese camiño, senón nos demais da Illa.

Pois ben, despois de case 40 anos gastando cartos, por fin caeron da burra, e este ano 2025 comezaron, no camiño de Curro a Pereiró, a continuación das rodeiras que quedaran paradas no límite entre Canexol e Pereiró, esperando que chegue ata o Campamento da Xunta.

Aínda coas molestias que están causando estas obras, en pleno verán, son ben recibidas, e cruzamos os dedos para que teñan o ancho adecuado aos novos vehículos e a profundidade suficiente para que aguanten tanto anos como as que xa están feitas.



Nas fotos, como se atopaban tramos dese camiño chegada a primavera, despois das chuvias do inverno, aínda que foran reparados ao rematar o verán.

Por este camiño, a carón dos rapaces do Campamento, pasa a Ruta máis empregada da illa que vai ao Buraco do Inferno. Tamén a circulación de tractores e todoterreos é abundante xa que é o camiño que vai ao punto limpo.

FESTAS DA ILLA DE ONS 2025

Farei un pequeno repaso ás Festas da Illa deste ano 2025. Irá a base de fotografías cuns pequenos comentarios.

Foi unha pena que non se puidera celebrar o baile do sábado, debido a como se atopan os arranxos do barrio de Curro. Esperamos que para o ano, sexa como sempre e teñamos a verbena nocturna.

De todo os xeitos **PARABÉNS** para os Organizadores, As. Veciñal, Parques e Concello, sen esquecernos de Josecho, o cura-párroco de Bueu-Beluso-Ons que sempre está onde hai que estar.

Sábado 23



Colocación das bandeiras. Como poden ver, e como soe pasar entre traballadores da administración, un traballando, dous mandando e o de vermello, de enxeñeiro xefe. Así vai o país.



Si, é el, o Gran Maqui, un dos encargados, de que estas Festas discorran como ten que ser. A súa camiseta pertence a un deseño de fai máis de 30 anos. Aquí o temos facéndose cargo da **charanga Mil9**.

Domingo 24

Día forte da Festa. Como non puiden ir antes, desprazámonos dende Portonovo a Ons o domingo, no barco das 11. Mesmo ao chegar ao peirao auniense, a música infórmanos de que vai ser un día longo.

Pero, aquela sinfonía era estraña, mesmo parecía un Babel Musical:

En CHECHO, o grupo de gaiteiros **Serradela**



A menos de 50 m., no Acuña os **Mariachis “Noche de Ronda”**



E, a un pouco máis de 60 m, no Pirata a **Charanga “Os Imperiais”**



Xa poden imaxinar vostedes, a mestura musical que había. Pero así comezou a Festa.

ÁS 12 COMEZAN OS ACTOS PROGRAMADOS

Ofrenda no cemiterio. Corre a cargo de María López, a Presidenta da Asociación de Veciños”, toma a iniciativa pronunciando unhas palabras con moito sentimento auniense.

SEMPRE NA MEMORIA

Din que só morre aquilo que se esquece.

Por iso estamos hoxe aquí, para deixar constancia un ano máis de que aquí, na Illa de Ons, non imos deixar morrer nada, porque nunca esquecemos aos que están aquí.

Están soterrados, pero non están mortos, porque están nas nosas memorias. Aínda que moitos de nós non chegamos a coñecelos, si coñecemos as súas vidas e coñecemos ás súas historias, porque esas vidas e esas historias forman parte das nosas a día de hoxe.

Eles son as verdadeiras testemuñas das nosas reivindicacións, os que poden certificar que efectivamente esta Illa é un SENTIMENTO.

Aquí naceron, traballaron e morreron, eran todos un, a unión da xente da Illa, ese sentimento de familia, de axuda, foi o que fixo dos illáns un selo de identidade.

Se a día de hoxe conservamos o que temos, é grazas a eles. Temos o deber de seguir loitando sen baixar os brazos, e temos o deber de seguir transmitindo aos nosos fillos este legado. Debemos seguir contándolles como construíron as casas pedra a pedra, como traballaban nas leiras, como levaban o gando a pastar e ata como ían á Illa de Onza nas dornas a coller o marullo.

Temos o deber de transmitir as mesmas historias que nos contaban a nós.

Recordo como o meu bisavó Cambados contábame a min esa historia do Boi de Ouro que os mouros enterraron no Castro con todos os seus tesouros (mirade agora todo o que está aparecendo).

Esas historias de que había peixes con corpo de muller e con corpo de home enriba das rochas do mar... (daquela non había televisor).

Ata dunha especie de prato voante que cando estaban nas leiras a pastar o gando e a escorrentar aos corvos para que non comeran o millo, algunha vez albiscaban esa especie de OVNI que de forma misteriosa ía a toda velocidade e sen máis se metía no mar sen deixar rastro.

E el dicíame: - *Logho nena, ti pensas que estamos sós neste mundo, mundos como o noso hai máis e están máis adiantados ca nós.*

O certo é que Cambados era un visionario, díxomo moitas veces: **MINIÑA NON DEIXES A CASA DA ILLA, A ILLA UN DÍA VAI TER UN VALOR INCALCULABLE.**

E así foi, a día de hoxe, a illa é un verdadeiro tesouro, pero si a illa é o que é, é por todos eles, os que están aquí soterrados, os que están en terra, e os que estamos aquí.



María na súa alocución ente un bo grupo de veciños que se desprazou ata o cemiterio.



Entre os asistentes atopábase o Director do Parque Nacional “Pepín”



Antes de rematar o acto, entoouse unha canción que ben podería considerarse o himno de Ons.



ÁS 12,30 HOMENAXE VECIÑAL A:

José Otero Blanco, Josefa Patiño Domínguez e á Señora Rosa



Josefa López, á esquerda e Carmen a filla de José Otero



Rosiña, filla de Rosa López

Recolleron os agasallos:

- Josefa Patiño Domínguez. *Activista a favor dos dereitos dos veciños, simpática e festeira.*
- Carmen, a filla de José Otero. *José Otero, con 95 anos non puido asistir ao acto.*
- Rosiña, a filla de Rosa López. *Rosa López, xa falecida, foi a parteira de Ons durante case 30 anos.*

PROCESIÓN E MISCELÁNEA FOTOGRÁFICA



FARO de ONS



O FARO E OS SEUS FAREIROS

O pasado ano 2024 o día da Festa de San Xaquín, íase a homenaxear aos **Fareiros de Ons** pois, a carón de axuda á navegación que efectuaban diariamente, durante a súa estancia na Illa realizaron unha función social importantísima nesa comunidade auniense.

Informados de que o Faro funcionaba de xeito automático, que un dos seus Fareiros xubilábase e que os outros dous en pouco tempo, tamén deixarían o seu traballo continuo en Ons, a Asociación Veciñal decidiu homenaxearlos polo seu importante labor na Illa a través do tempo.

Cando se estaban cos trámites para realizalo, decidiuse pospoñelo pensando no 2026, ano en que o Faro de Ons cumpre 100 anos dende a súa última remodelación e, segundo parece, a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra realizará algún Acto por este aniversario.

É de esperar que a Asociación Veciñal realice algún tipo de contacto con este organismo e que, xa sexa o día de San Xaquín, ou outro, segundo os actos que programen, os veciños e amigos de Ons rendamos unha merecida **Homenaxe aos Fareiros**.

Xa por último, sería un bo momento para que a *Autoridade Portuaria e a Xunta* informen sobre o futuro inmediato deste Faro, que todos esperamos e desexamos, se converta nun **CENTRO CULTURAL**.